



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Financiado pola Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
(FEMP)

MEMORIA XUSTIFICATIVA INICIAL XERENCIA: obras de acondicionamento para accesibilidade oficina sede GALP Golfo Ártabro Norte imputables aos Gastos de Funcionamento do Grupo

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte, actúa como **entidade colaboradora da Consellería do Mar** (Xunta de Galicia) para a xestión das axudas do Programa do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP 2014-2020). Ten asinado un convenio coa Consellería do Mar para establecer as condicións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento de dita estratexia.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro "Golfo Ártabro Norte" ten a súa sede na planta baixa da Casa do Pescador da Confraría de Pescadores de Miño, en réxime de aluguer. Dispón dos recursos técnicos necesarios, así como de mobiliario e equipamento.

Os gastos de funcionamento ou explotación subvencionables son os vinculados á xestión da posta en práctica da EDLP, onde están incluídos os gastos relativos á **sede do GALP** (aluguer, **acondicionamento**, equipamento, gastos correntes en auga, telefonía, electricidade, limpeza, internet, material funxible...)

O GALP Golfo Ártabro Norte quere adoptar medidas de acción positiva en beneficio de aquelas persoas con discapacidade susceptibles de ser obxecto dun maior grao de discriminación, a través da adecuación da súa sede, co fin de garantir o dereito á igualdade de oportunidades ás persoas con discapacidade, tanto ás posibles beneficiarias dunha axuda do Programa FEMP 2014-2020, que queiran informarse de primeira man na oficina, como calquera outra consulta ou reunión que teña prevista o GALP durante o período de vixencia do Programa.

Medidas de adaptación propostas:

- Entrada ao edificio: A entrada principal será accesible, sendo necesaria a construción dunha rampla.
- Interior do edificio:
 - Adaptarase unha zona acorde ás necesidades de uso para sala de espera e vestíbulo, dotarase de novos pavimentos para evitar resbalóns e caídas. E proveerase de elementos visuais detectables por persoas con limitacións auditivas.
 - Tamén será necesario unha nova distribución da instalación eléctrica para recolocación de luminarias, enchufes, puntos de conexión de internet.,, que se adecúe á distribución dos postos de traballo.
 - Adaptación de servizos comúns: Aseo: Permitindo o acceso, a mobilidade interior e o uso do mesmo a todas as persoas que poidan utilizar a sede do GALP. Os elementos que se terán en conta á hora de facer accesible este aseo serán: sinalización, acceso, dimensións interiores, pavimento, mecanismos de control ambiental, seguridade e aparatos sanitarios adaptados (lavado, inodoro, cisterna, barras de axuda, accesorios, espello....).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Financiado pola Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
(FEMP)

Criterios de adxudicación:

Procederase a convidar a tres empresas diferentes a que presenten a súa mellor oferta, que valoraran in situ as obras de acondicionamento para accesibilidade a realizar e presentar un orzamento valorado e real.

Para realizar os traballos da instalación eléctrica, convidaranse a profesionais do sector para que presenten a súa mellor oferta, que tamén terán que valorar in situ os traballos a realizar e presentar un orzamento valorado e o máis axustado ás necesidades do GALP.

Para cada unha das actuacións, seguirase o procedemento de contratacións indicado na Instrucción nº3 da Consellería do Mar.

Adxudicarase independentemente cada unha das actuacións propostas á oferta máis económica: Instalación eléctrica e obras de acondicionamento para accesibilidade.

Prazo de entrega e duración do contrato:

Valorarase a dispoñibilidade inmediata das empresas en presentar orzamentos nun tempo prudencial, e dispoñibilidade para realizar os traballos.



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte

Asdo.: María Antonia Fernández Abeledo

Xerencia GALP Golfo Ártabro Norte